

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DESIGNADO PARA A VALORACIÓN DE MéRITOS NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A: 1 POSTO DE TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL A JORNADA COMPLETA AO ABEIRO DA ORDE DO 11 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EJERCICIO 2026.

No Centro Sociocultural do Concello do Corgo, ás 09:30 horas do día 8 de setembro de 2026, reúnese o tribunal designado para valorar os méritos e a proba teórico práctica escrita, conforme ás bases aprobadas por resolución da alcaldía de 6 de agosto deste ano, formado polo seguintes membros:

Presidente: D^a Mónica Giménez López, Letrada da Deputación provincial de Lugo.

Secretario: D. Marco A. García-Gabilán Sangil, Secretario-Interentor do Concello do Corgo.

Vogal: D. Mónica Vázquez Fandiño, Secretaria-Interventora do Concello de Láncara

Vogal: D. Severiano Daniel Vázquez Prado, Técnico de Administración do Concello de Becerreá.

Vogal: D^a Noelia Viñas Gudín, Orientadora Laboral do Concello de Sarria

Realízase, en primeiro lugar, a proba escrita teórico-práctica prevista na base sétima da convocatoria, de acordo cos criterios de cualificación establecidos polo tribunal na súa acta de constitución, e que se facilitaron aos candidatos/as antes de comezar a proba, co fin de queoubesen como se ía a puntuar o exame, e que se relacionan máis adiante:



A proba desenvolverase de xeito anónimo: entregaráselles aleatoriamente a cada candidato/a, un sobre pequeno pechado. Cada sobre conterá unha nota no seu interior na que terán que poñer o seu nome e apelidos, DNI, e sinatura, e dúas pegatinas cun número que terán que, unha, incluíla no sobre pequeno e a outra pegala no exame escrito que terán que introducir nun sobre grande, de xeito que non se poida coñecer o autor/a da proba ata despois da súa corrección.

A proba escrita realizarase nunha hora.

O exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, consonte aos criterios de corrección e cualificación que se citan de seguido, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 5 puntos.

Consonte á base sétima da convocatoria, valorarase o coñecemento das funcións e tarefas a realizar polo/a Técnico/a, o coñecemento sobre normativa, obxectivos, xestión, do manexo das novas tecnoloxías na búsqueda de emprego, a realidade económica e social do ámbito territorial de actuación do programa e calquera outro aspecto relacionado coa orientación laboral.

Ademais, corresponderá ao tribunal avaliar e cualificar a proba realizada valorando os coñecementos, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición, calidade ortográfica e da expresión escrita, e a comprensión da materia, comprobando que os aspirantes:

- A) Demostran uns coñecementos técnicos das diferentes materias que se preguntan.
- B) Utilizan unha terminoloxía técnica correcta, coa linguaxe administrativa adecuada.
- C) Responden con amplitude aos diferentes aspectos nos que se estrutura o tema segundo o temario que acompaña as bases.
- D) A contestación realízase con claridade expositiva e de ideas, e con corrección ortográfica e calidade da expresión escrita.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:



A	B	C	D
0-2,5	0-2,5	0-2,5	0-2,5

Comparecen os seguintes aspirantes:

NOME	DNI
PATRICIA CASAL VAZQUEZ	**3398***
M ^a ELENA SANTIN LOPEZ	**5465***
MARCO ANTONIO URIA SIXTO	**9981***

Non se presentan o resto dos candidatos/as que solicitaron participar no procedemento selectivo.

Ao finalizar esta proba, o Tribunal procede á corrección da mesma, obtendo as puntuacións que se indican, desglosadas segundo os criterios fixados polo tribunal:

Nº de Identificación	A	B	C	D	TOTAL
Exame 5	2	1,5	1	2,5	7
Exame 36	1	1,5	1,5	2,5	6,5
Exame 49	1,75	2	2	2	8,25

De seguido procédese á apertura dos sobres que conteñen a identidade dos/as aspirantes, obténdose as seguintes correspondencias entre número de exame e candidato/a:



NÚMERO EXAME	CANDIDATO/A
Exame 5	Elena Santín López
Exame 36	Patricia Casal Vázquez
Exame 49	Marco Antonio Uría Sixto

A continuación, procédese á valoración dos méritos alegados, nos termos establecidos na base sétima, letra B), que literalmente di:

«**B.- Fase concurso: (Puntuación máxima 5,5 puntos).** Experiencia profesional nos últimos dez anos (máximo 5,5 puntos).

- Experiencia profesional directamente relacionada co posto (máximo 3,5 puntos): Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación, orientación laboral/profesional, tutorías laborales con persoas adultas, inserción laboral, etc: 0,40 puntos por cada mes de servizos ata un máximo de 3,5 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse a través de informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e copia do contrato de traballo/nomeamento de funcionario, certificado de empresa que acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de persoas traballadoras autónomas, acreditarase con alta no IAE (e actualización) e coas facturas nas que consten os servizos prestados, acompañando tamén vida laboral.

- Experiencia profesional indirectamente relacionada co posto (máximo 2 puntos): por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (axentes de emprego, prospectores de emprego, axentes de desenvolvemento local, técnicos de emprego en entidades locais, etc): 0,20 puntos por cada mes de servizos ata un máximo de 2 puntos»

En consecuencia, e á vista da experiencia profesional alegada polos candidatos/as referida, segundo a citada base, aos derradeiros dez anos, resultan as seguintes puntuacións:

ASPIRANTE	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL DIRECTAMENTE RELACIONADA CO POSTO (0,40 p/mes; máximo 3,50 puntos)	EXPERIENCIA PROFESIONAL INDIRECTAMENTE RELACIONADA CO POSTO (0,20 p/mes; máximo 2 puntos)	TOTAL



PATRICIA CASAL VAZQUEZ	**3398***	-----	0,6	0,6
M ^a ELENA SANTIN LOPEZ	**5465***	3,5	2	5,5
MARCO ANTONIO URIA SIXTO	**9981***	0 (*1)	0 (*1)	0 (*1)

(*1) A base sétima só se refire á experiencia profesional nos últimos dez anos.

De conformidade coa base sétima, a puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 15,5 puntos.

En consecuencia, resultan as seguintes puntuacións totais:

ASPIRANTE	FASE DE OPOSICIÓN (máximo 10 puntos)	FASE DE CONCURSO (máximo 5,5 puntos)	TOTAL
PATRICIA CASAL VAZQUEZ	6,5	0,6	7,1
M ^a ELENA SANTIN LOPEZ	7	5,5	12,5
MARCO ANTONIO URIA SIXTO	8,25	0	8,25

De conformidade coa base oitava das bases, o tribunal propón á alcaldía a M^a Elena Santín López, candidata que obtivo a maior puntuación, para o nomeamento como funcionaria interina como técnico de orientación laboral.

Como a candidata seleccionada xa foi baremada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, non é preciso remitir o seu currículo ao citado organismo.

De conformidade coa base novena da convocatoria, elabórase a seguinte listaxe de reserva coas persoas aspirantes que superaron a puntuación de 5 puntos na proba práctica en orde descendente de puntuación, para cubrir procesos de



incapacidade temporal, maternidade, vacacións, permisos ou calquera outra circunstancia, sempre durante o período do presente nomeamento de funcionario/a interino/a:

ASPIRANTE	FASE DE OPOSICIÓN (máximo 10 puntos)	FASE DE CONCURSO (máximo 5,5 puntos)	TOTAL
MARCO ANTONIO URIA SIXTO	8,25	0	8,25
PATRICIA CASAL VAZQUEZ	6,5	0,6	7,1

Para debida constancia de todo o actuado, redáctase a presente acta, no lugar e data arriba indicados.

Contra esta proposta poderá interpoñerse recurso de alzada ante o alcalde-presidente do Concello do Corgo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación desta proposta finalizando o mesmo ordinal que o do día da publicación, ao abeiro do establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

